- Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita e a realización de inferencias para superar o sentido literal de textos sociais orais e multimodais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivas, narrativas, dialogadas, expositivas) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Procesos: produción oral.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu intereses e gustos.
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese.
- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.



## Contidos

- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación.
- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos.
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo fluídos.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.

## Contidos

- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, e revisión e autocorrección.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual.
- Utilización autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras.
- Interpretación autónoma e compartida de textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Creación de textos literarios de maneira libre e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación de recursos literarios.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros.

## Contidos

- Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través da observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes con outras linguas.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos elementais para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Desde o punto de vista da metodoloxía, ponse o foco nos seguintes aspectos:

Educación integral orientada a formar persoas.

Desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social.

Proxecto conectado coa realidade que promove a aprendizaxe competencial. Para iso, cada unidade didáctica organízase arredor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto...) motivadora, real e próxima ao alumnado.

As unidades seguen unha ruta didáctica en catro fases:

- Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema.
- Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
- Aplicación do aprendido en tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.
- Consolidación, valoración do aprendido e personalización.

Aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas.

Avaliación formativa para avaliar todas as fases do proceso educativo, cunha gran diversidade de instrumentos, incluíndo a participación do propio estudante

Ensino dixital para desenvolver a competencia dixital do alumnado e tamén como ferramenta de ensino e aprendizaxe.

Enfoque multidisciplinario e, aínda que cada área ten sentido propio, propóñense un gran número de dinámicas interdisciplinarias que contribúen a unha aprendizaxe profunda e que permiten interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais.

Integración de novos saberes.

Nas áreas de Lingua e Literatura, a orientación vén dada polo espírito da Competencia en Comunicación Lingüística; isto implica un enfoque comunicativo que debe presidir todas as situacións de aprendizaxe.

Desde esta perspectiva, os aspectos metodolóxicos máis destacados son:

Expresión oral

- Participación en debates respectando as normas do intercambio comunicativo.
- Preparación e presentación de exposicións orais.
- Expresión de sentimentos propios e dos demais.
- Expresión de opinións e emocións en debates grupais.
- Emprego dunha linguaxe inclusiva e non discriminatoria.
- Ampliación de vocabulario mediante diferentes estratexias.
- Valoración da vertente literaria dos textos.

Expresión escrita

- Lectura e comprensión de textos de diferente tipoloxía.
- Práctica sobre aspectos gramaticais da linguaxe e comprensión progresiva da súa importancia na comunicación escrita.
- Exploración dos recursos dixitais da aula.
- Elaboración de investigacións sobre diferentes temas.
- Autonomía na planificación, redacción e revisión das súas producións escritas.
- Desenvolvemento de estratexias básicas para a recompilación e selección de información sobre un tema.
- Reflexión sobre os textos, as súas tipoloxías e os seus contidos.
- Recoñecemento do valor expresivo da imaxe que acompaña un texto.
- Establecemento de relacións entre as informacións que ofrecen os textos e as que se ofrecen mediante diferentes recursos gráficos.

Actitudes ante a aprendizaxe da lingua

- Valoración da diversidade como elemento enriquecedor.
- Reflexión sobre a importancia da comunicación en diferentes situacións.
- Valoración das achegas das compañeiras e os compañeiros como ferramenta de aprendizaxe e mellora dos traballos.
- Desenvolvemento do espírito crítico en diferentes contextos comunicativos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
--------------

Material do profesorado:

Material aportado pola editorial:

Avaliación 360º. Introducción sobre o sistema de avaliación do proxecto, ademais de todos os elementos e probas con solucións e criterios de corrección.

Contén elementos para realizar:

- Avaliación de diagnóstico.
- Avaliación continua.
- Avaliación final de unidade.
- Avaliación trimestral.

Personalización da aprendizaxe. Neste volume inclúese unha introdución teórica e propostas de traballo sobre o libro do alumnado, ademais dos seguintes elementos:

- Propostas para a programación multinivel.
- Suxestións para a personalización do libro do alumnado.

- Fichas de reforzo da aprendizaxe.
- Tarefas de enriquecemento

Material de aula:

- Flashcards de lingua.
- Murais con conceptos clave.
- Portátil do profesor conectado a PDI

Material do alumno:

- Libro do alumnado.
- LibroMedia.

Outros recursos dispoñibles no centro:

- Biblioteca do centro cos seus fondos e recursos
- Radio escolar
- Aula de informática

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral.
  - Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo.
  - Incorporaranse datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.
  - Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa. De cada alumno en particular

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.
- Entrevistas.
- Autoavaliación.
- Rutinas de pensamento.
- Cuestionarios de avaliación inicial.
- Probas de avaliación inicial.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>7</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>7</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>7</b>
<b>Proba escrita</b>	55	66	55	60	54	60	56	54	60	54
<b>Táboa de indicadores</b>	45	34	45	40	46	40	44	46	40	46

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>7</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	57	<b>57</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	43	<b>43</b>

#### **Criterios de cualificación:**

Con carácter xeral, determinaranse o criterios de cualificación en cada unidade didáctica en función das porcentaxes asignadas.

Haberá unha proba escrita na parte final de cada unidade didáctica, sobre a que se obterá a nota en función do peso que se asigne a cada pregunta da mesma.

As táboas de indicadores obteranse durante o desenvolvemento das sesións conforme a rúbricas e listas de control nas que se valide o grao de consecución de cada un dos criterios de avaliación, en relación co mínimo esixido.

A nota obtida na avaliación trimestral será a media ponderada de todos os resultados obtidos, en función do seu peso porcentual. Esta nota será numérica sen decimais, e asociada á súa correspondente cualificación verbal (Insuficiente/Suficiente/Ben/Notable/Sobresaliente).

Para o cálculo da nota final, dado o carácter instrumental e progresivo da área, aplicarase unha fórmula na que cada avaliación vai incrementando o peso na avaliación final, de acordo a esta secuencia:  $\text{nota final} = \text{nota } 1^{\text{a}} \text{ av} + 2x \text{ nota } 2^{\text{a}} \text{ av} + 3x \text{ nota } 3^{\text{a}} \text{ av} / 6$ .

#### **Criterios de recuperación:**

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non adquiriu correctamente.

Para iso contarase en primeiro lugar co titor ou titora, e na medida das posibilidades, en función o que se dispoña dende o DO, con horario de profesorado con dispoñibilidade horaria ou de profesorado especialista de PT ou AL..

Os momentos de traballo grupal do alumnado aproveitaranse para facer este reforzo ao alumnado que o precise.

No comezo do segundo e terceiro trimestre adicaranse dúas sesións a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou cualificación suficiente.

No remate da unidade didáctica 12, adicaranse catro sesións á realización de actividades de carácter colectivo onde poderán poñer en práctica o aprendido durante o curso, e servirán como recuperación nos casos que se precise.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Cada unha das unidades didácticas avaliarase por proba escrita e por listas de control.

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o Equipo Directivo.

Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:

- Profesorado con dispoñibilidade horaria. Este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.
- O profesorado especialista de PT e/ou AL, de ser o caso e se así o determina o Departamento de Orientación.
- O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que o alumnado máis capaz axude ao que amose dificultades.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento	X		X		X	X		
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz				X	X			X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X		X		X	X	
ET.5 - Educación para a saúde		X		X		X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Emprendemento	X			X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz				
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X		X
ET.5 - Educación para a saúde		X		
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.7 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.8 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X

### Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Museo do pobo galego	Visita ao museo do pobo galego	X		
Fábrica de iogures	Visita a unha fábrica de iogures para obsevar o proceso de elaboración dos iogures		X	
Centro de interpretación dunar	Visita ao centro de interpretación das dunas de Corrubedo		X	
Acuarium de O Grove	Visita guiada ao acuarium de O Grove			X

### Observacións:

Realizaranse todas aquelas conmemoracións que veñen marcadas na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro da localidade, realizaranse aquelas saídas a actividades que se consideren apropiadas, propostas dende o Departamento de Cultura do Concello de Boiro. As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais. O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes. Estas actividades propostas poden cambiarse durante o curso se aparecen saídas interesantes con temáticas relacionados co noso Currículo.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Actividades adecuadas.
Temporalización.
Metodoloxía empregada
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas actividades ou probas?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?



Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa?
Clima de traballo na aula
Conseguiuse motivar ao alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación docente?
Mantívose o contacto coas familias, implicándoas no proceso?

### Descrición:

O Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Distinguiremos dous momentos para levar a cabo dita avaliación: durante a UD e ao remate da mesma. Estes dous momentos, teñen a finalidade de obter a información precisa para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001471	CEIP Plurilingüe Praia Xardín	Boiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	6º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	78
4.2. Materiais e recursos didácticos	79
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	80
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	80
6. Medidas de atención á diversidade	81
7.1. Concreción dos elementos transversais	82
7.2. Actividades complementarias	83
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	83
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	84
9. Outros apartados	84

## 1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2023/2024, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Lingua Galega e Literatura do 6º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Hai que destacar o carácter instrumental da lingua, como elemento esencial da comunicación.

O noso proxecto propón un modelo de ensinanza-aprendizaxe comprensivo que se enmarca dentro do paradigma da educación universal (global ou integral) que ha de preparar a todos os cidadáns para ter éxito na vida, a través da adquisición e o desenvolvemento das competencias clave.

Foi elaborada en función das liñas pedagóxicas do centro. Deste xeito, para a súa elaboración, seleccionáronse os obxectivos e contidos; para unha adecuada consecución dos mesmos, planificáronse actividades concretas, que se sustentan nuns criterios metodolóxicos determinados.

Toda a programación está sometida a un proceso avaliador constante.

Tampouco se omitiu, dada a importancia social da mesma, a educación desde a diversidade e a atención ao alumnado con necesidades educativas específicas.

Propoñemos, polo tanto, unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

O CEIP PRAIA XARDÍN, está ubicado no casco urbán do Concello de Boiro. Ata estes últimos anos a maioría dos nenos procedían da zona rural (Coroño, Runs, Pazos, Brazos, Teaño, Moimenta, Goiáns, Sealo, Cures, Comoxo, A Figueira...); pero nestes intres (despois dun estudio realizado para actualizar o PE) proceden nunha mesma porcentaxe de zona rural e de zona urbana.

O nivel socioeconómico é medio-baixo. Os homes adícanse ó traballo no mar, agricultura e construción. As mulleres traballan en fábricas de conserva, no marisqueo de a pé e tamén nas tarefas do fogar que comparten nalgúns casos co traballo dos seus maridos na agricultura.

Algúns pais teñen estudos primarios e outros non remataron estes. O nivel sociocultural é baixo.

Moitos nenos están, despois de rematala xornada escolar cos avós, en garderías ou sós, xa que os pais/nais están traballando.

O colexio, que ten horario de xornada continua, de 9:30 a 14:30, dispón de comedor e servizo de transporte escolar.

Destacar que este ano o centro continua co proxecto de inmersión lingüística, sendo centro plurilingüe, impartindo a área de Educación Plástica en Inglés, e polo que contamos con auxiliar de conversa.

Cóntase con unha biblioteca incluída en PLAMBE e con radio escolar.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no sexto curso da etapa, polo que están entre os once e doce anos de idade. Están a piques de entrar na fase das operacións abstractas (Piaget) e deixar atrás a fase das operacións concretas (Piaget). Todo isto, significa que xa poden razoar sen ter presente obxectos físicos. Tamén, comezan coa etapa do espazo euclidiano (as tres dimensións).

Número de alumnas e alumnos e distribución:

O nivel conta cun total de 34 alumnos e alumnas. 6ºA conta con 18 discentes (8 nenos e 10 nenas), mentras que 6ºB conta con 16 (7 nenos e 9 nenas).

Co remate deste curso, a área pretende contribuír esencialmente para acadar o perfil de saída establecido para o final desta etapa educativa na maioría do alumnado, xa que deberá cambiar de etapa no curso seguinte.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	CANTO PODEMOS VIVIR?	<p>Nesta primeira unidade do curso propónse reflexionar e opinar sobre as persoas maiores, sinalando a importancia de chegar a unha idade avanzada en bo estado de saúde. Tratarase sobre quen é a persoa de máis idade que coñecen e cantos anos ten. Informaranse e opinarán sobre por que actualmente hai máis xente chegando a idades máis elevadas, analizando os cambios que suceden nas persoas ao longo dos anos.</p> <p>A partir desta situación, o noso alumnado vai ler e comprender textos relacionados con este contido; entre eles, historietas variadas. Os estudantes familiarizaranse cos conceptos literarios, ortográficos e gramaticais correspondentes.</p>	8	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	CANTO PODEMOS VIVIR?		8	12	X		
2	PÓDESE MEDIR A FELICIDADE?	<p>A unidade comeza analizando o concepto de felicidade. O alumnado reflexionará e expoñerá as súas opinións sobre diferentes aspectos formulándose algunhas preguntas: é o mesmo alegría que felicidade?, en que se parecen e en que se diferencian?, que cousas me fan feliz?, coinciden con cousas que fan felices outras persoas?, de que depende a felicidade?, etc.</p> <p>De forma transversal, os estudantes van aprender as normas fundamentais da acentuación diacrítica, van coñecer as diferenzas entre distintos medios informativos, etc. Para finalizar, poñerán en práctica o aprendido para preparar unha compilación de aforismos.</p>	8	14	X		
3	POR QUE FACEMOS DEPORTE?	<p>Nesta unidade reflexiónase sobre a importancia de facer deporte, diferenciando entre os que máis gustan e os que proporcionan maiores beneficios, con menores riscos.</p> <p>A partir de diferentes actividades, baseadas en distintas situacións, os alumnos e alumnas van adquirir conceptos relacionados coa composición, os casos especiais de acentuación, o verbo, a función do narrador no cinema, etc. Para finalizar, explicarán unha táboa de exercicios.</p>	8	14	X		
4	COIDAMOS A ALIMENTACIÓN?	<p>Nesta unidade reflexiónase sobre a alimentación. Propoñerase un debate sobre se os alumnos teñen unha alimentación correcta, sinalando se hai algún tipo de alimento que non consomen nunca e as causas de non consumilo. Incidirase no tipo de alimentos que deben consumir máis e cales deben evitar ou diminuír o seu consumo. De forma transversal, van adquirir conceptos relacionados con todos os contidos propostos. Ao finalizar a unidade, os alumnos e alumnas van deseñar unha dieta semanal.</p>	9	10	X		
5	VALORAMOS A DIVERSIDADE?	<p>Esta unidade trata de analizar que as persoas somos diferentes, reflexionando e opinando sobre se o feito de que sexamos diferentes é un problema ou unha vantaxe. Avanzarase en que se pode facer para aproximarse, coñecer e relacionarse con persoas de culturas diferentes e que poden achegarse mutuamente. Tense en conta</p>	8	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	VALORAMOS A DIVERSIDADE?	que o feito de percibir esas situacións reforza aspectos da nosa personalidade vinculados coa honestidade e a empatía. Ao longo desta unidade, esta interacción vai ser a base sobre a que se sustentarán as actividades recollidas para a aprendizaxe transversal da ortografía, a literatura, a gramática e outros contidos da lingua.	8	12		X	
6	QUE DEREITOS E DEBERES TEMOS?	Nesta unidade propónse a reflexión e o debate sobre dous conceptos fundamentais: que é un dereito e que é un deber. Xustificarase o porqué de que todo dereito implique un deber, sinalando cales son os dereitos fundamentais e informándose sobre se estes dereitos se respectan en todo o mundo. Na unidade que nos ocupa imos abordar os contidos da lingua, vinculándoos con situacións próximas aos dereitos e deberes. Ao finalizar a unidade, o alumnado elaborará un cartel en defensa dos dereitos fundamentais.	8	10		X	
7	É XUSTO OU INXUSTO?	Nesta unidade propónse analizar o conceptos de xusto e inxusto. Para iso, os alumnos opinarán sobre cando consideran que unha situación é inxusta e se cren que a mesma situación pode ser xusta para algunhas persoas e inxusta con outras ou se o que é xusto sempre o é, independentemente das circunstancias. Informaranse e debaterán sobre as razóns polas que se crean as leis e se consideran que todas as leis son xustas. Vanse coñecer as normas ortográficas e gramaticais propias desta unidade, e analizaranse as características básicas da expresión en sentido literal e en sentido figurado, aplicándoo a comentarios de noticias.	9	12		X	
8	SABEMOS CONVIVIR?	Nesta unidade o noso alumnado vai opinar sobre os beneficios e inconvenientes que nos proporciona a convivencia con outras persoas. Indicarán con que persoas viven, con cales se levan mellor e con cales lle custa máis convivir. Reflexionarase sobre comportamentos que poden favorecer a convivencia e como se poden resolver os conflitos, especialmente na escola. Incidirase no uso correcto das normas de uso da linguaxe oral e escrita, diferenciando, con claridade, o que son	9	12		X	



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	SABEMOS CONVIVIR?	informacións importantes das irrelevantes. Ao finalizar a unidade, os alumnos e alumnas escribirán un poema.	9	12		X	
9	COMO CAMBIOU O CLIMA?	Nesta unidade abórdanse os conceptos de clima, tempo atmosférico, cambio climático, etc. Os alumnos informaranse, reflexionarán e opinarán sobre se os fenómenos meteorolóxicos, como ondas de calor e chuvias torrenciais, están relacionados coas secas ou os furacáns. Analizarase se algúns alumnos cambian de opinión durante o debate. Como actividade final, propónselles facer unha reportaxe sobre o tempo.	8	12			X
10	POR QUE DESAPARECERON?	Nesta unidade van informarse e reflexionar sobre que animais e plantas desapareceron ao longo da historia, cales adoitan ser as causas destas desaparicións e se actualmente hai moitos ou poucos animais e plantas en perigo de extinción. Opinarán sobre que consecuencias cren que pode ter a desaparición de certas especies e que podemos facer para evitalo. Ao finalizar a unidade, os nosos alumnos e alumnas van elaborar un catálogo sobre animais en perigo de extinción. Deste xeito, ademais, traballarán os contidos de lingua, de forma transversal.	8	10			X
11	HAI VIDA SEN AUGA?	Nesta unidade partimos da participación nun debate no que o alumnado vai reflexionar sobre que problemas pode causar a falta de auga nun lugar onde viven animais, plantas ou persoas. Opinarán sobre se cren que a auga é un recurso inesgotable e sobre que significa o bo uso da auga. Analizaranse obras literarias, relacionadas coa auga, e transmitirase a relevancia que posúen os autores literarios. Preténdese facelos partícipes na educación literaria como un primeiro paso para promover o seu amor pola lectura. Finalmente, crearán un vídeo sobre a auga.	8	12			X
12	QUE FACEMOS POLO PLANETA?	Nesta última unidade, o alumnado vai reflexionar sobre que elementos fan posible a vida na Terra e como a fan posible. Opinarán sobre se a xente é consciente da importancia de coidar o planeta e sobre se algúns comportamentos danan a natureza, sinalando que podemos facer para evitar o esgotamento dos recursos do planeta.	9	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	QUE FACEMOS POLO PLANETA?	Ao finalizar a unidade, os alumnos e alumnas van facer unha infografía.	9	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	CANTO PODEMOS VIVIR?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Ler de xeito silencioso e en voz alta textos escritos.	PE	54
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Alcanzar as destrezas e competencias lingüísticas.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Evitar discriminacións e prexuízos.		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes.		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral, establecendo diferenzas entre eles e o seu uso: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir textos escritos e multimodais coherentes.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Sistematizar a adquisición de vocabulario.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Mostrar interese e respecto polas distintas linguas, identificando as características fundamentais das do seu contorno.	TI	46
CA1.2 - Detectar de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Valorar a pluralidade lingüística, especialmente a dualidade lingüística galego-castelán.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas, e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Xestionar os conflitos, de forma dialogada.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira autónoma ofrecendo información extraída de distintas fontes, citándoas e recreándoas de maneira creativa.	Compartir os resultados dun proceso de investigación.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participar en comunidades lectoras de ámbito escolar.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Ler textos de diversos autores, facendo valoracións persoais das obras literarias.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.	Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas actividades ou probas?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa?
Clima de traballo na aula
Conseguíuse motivar ao alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación docente?
Mantívose o contacto coas familias, implicándoas no proceso?

### Descrición:

O Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Distinguiremos dous momentos para levar a cabo dita avaliación: durante a UD e ao remate da mesma. Estes dous momentos, teñen a finalidade de obter a información precisa para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001471	CEIP Plurilingüe Praia Xardín	Boiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	6º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2023/2024, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A presente programación didáctica, elaborada para a área de Ciencias Sociais do 6º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

O noso proxecto propón un modelo de ensinanza-aprendizaxe comprensivo que se enmarca dentro do paradigma da educación universal (global ou integral) que ha de preparar a todos os cidadáns para ter éxito na vida, a través da adquisición e o desenvolvemento das competencias clave.

Foi elaborada en función das liñas pedagóxicas do centro. Deste xeito, para a súa elaboración, seleccionáronse os obxectivos e contidos; para unha adecuada consecución dos mesmos, planificáronse actividades concretas, que se sustentan nuns criterios metodolóxicos determinados.

Toda a programación está sometida a un proceso avaliador constante.

Tampouco se omitiu, dada a importancia social da mesma, a educación desde a diversidade e a atención ao alumnado con necesidades educativas específicas.

Propoñemos, polo tanto, unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

O CEIP PRAIA XARDÍN, está ubicado no casco urbán do Concello de Boiro. Ata estes últimos anos a maioría dos nenos procedían da zona rural (Coroño, Runs, Pazos, Brazos, Teaño, Moimenta, Goiáns, Sealó, Cures, Comoxo, A Figueira...); pero nestes intres (despois dun estudio realizado para actualizar o PE) proceden nunha mesma porcentaxe de zona rural e de zona urbana.

O nivel socioeconómico é medio-baixo. Os homes adícanse ó traballo no mar, agricultura e construción. As mulleres traballan en fábricas de conserva, no marisqueo de a pé e tamén nas tarefas do fogar que comparten nalgúns casos co traballo dos seus maridos na agricultura.

Algúns pais teñen estudos primarios e outros non remataron estes. O nivel sociocultural é baixo.

Moitos nenos están, despois de rematala xornada escolar cos avós, en garderías ou sós, xa que os pais/nais están traballando.

O colexio, que ten horario de xornada continua, de 9:30 a 14:30, dispón de comedor e servizo de transporte escolar.

Destacar que este ano o centro continua co proxecto de inmersión lingüística, sendo un centro plurilingüe, impartindo a área de Educación Plástica en Inglés, e polo que contamos con auxiliar de conversa.

Cóntase con unha biblioteca incluída en PLAMBE e con radio escolar.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no sexto curso da etapa, polo que están entre os once e doce anos de idade. Están a piques de entrar na fase das operacións abstractas (Piaget) e deixar atrás a fase das operacións concretas (Piaget). Todo isto, significa que xa poden razoar sen ter presente obxectos físicos. Tamén, comezan coa etapa do espazo euclidiano (as tres dimensións).

Número de alumnas e alumnos e distribución:

O nivel conta cun total de 34 alumnos e alumnas. 6ºA conta con 18 discentes (8 nenos e 10 nenas), mentras que 6ºB conta con 16 (7 nenos e 9 nenas).

Co remate deste curso, a área pretende contribuír esencialmente para acadar o perfil de saída establecido para o final desta etapa educativa na maioría do alumnado, xa que deberá cambiar de etapa no curso seguinte.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1



Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	COIDAMOS O NOSO CONTORNO NATURAL	Nesta primeira unidade, a situación de aprendizaxe motiva o alumnado a reflexionar sobre o descoñecido, descubrir novos mundos e explorar sobre como ampliar os límites do noso planeta. Para iso, a astronomía, como ciencia que estuda o universo e todo o que hai nel, axúdanos a desentrañar os misterios do espazo e a responder preguntas acerca do universo e o que contén.	20	14	X		
2	CLIMAS E PAISAXES DA TERRA	Nesta unidade, a situación de aprendizaxe orientará os seus obxectivos cara á análise do aumento dun grao centígrado nas temperaturas do noso planeta nos últimos tempos e as consecuencias que isto está tendo nas nosas paisaxes e no noso contorno natural. Coñecerase de que xeito as actividades humanas modifican as condutas climáticas e se vai axudar a que o alumnado reflexione sobre o mellor modo de protexer as paisaxes de secas, desxeo dos casquetes polares, incendios ou inundacións que están cambiando o aspecto do noso contorno natural.	20	14	X		
3	A ECONOMÍA E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	Nesta unidade a situación de aprendizaxe invita as alumnas e os alumnos a reflexionar sobre as diferentes desigualdades que hai no mundo e a propoñer achegas que garantan un	15	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A ECONOMÍA E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	desenvolvemento sostible que non deixe ninguén atrás e permita mellorar as condicións de vida de todos os habitantes do planeta e, ademais, sexa compatible co respecto do medio ambiente.	15	11		X	
4	ESPAÑA E A UNIÓN EUROPEA	Nesta unidade analízase que a Unión Europea é o resultado dunha longa historia na que 27 países souberon deixar de lado as diferenzas e aproveitar o mellor de cada un deles para avanzar na paz e no benestar económico e social da súa cidadanía. A situación de aprendizaxe desta unidade está orientada cara ao mellor entendemento por parte dos estudantes deste espazo común, a súa historia, a súa proxección cara ao futuro e a capacidade de realización de novos retos aos que facer fronte e problemas aos que dar solución.	15	11		X	
5	QUE HERDAMOS DO SÉCULO XIX?	Nesta unidade trátase de que o alumnado coñeza que, co inicio da Revolución Francesa e a caída dun rei absolutista polo levantamento popular, se inicia a Idade Contemporánea, que chega ata os nosos días. Debaterase sobre como a partir deste momento se producen moitos cambios nas formas de goberno, nas actividades económicas, na vida cotiá das persoas, na ciencia e na cultura. A situación de aprendizaxe desta unidade está centrada na investigación por parte das alumnas e os alumnos de toda esta herdanza que deixou a Idade Contemporánea nas nosas vidas.	15	10			X
6	O NOSO PASADO MÁIS RECENTE	A situación de aprendizaxe desta unidade vai descubrir as distintas etapas da historia máis recente de España e os cambios que durante o século XX se foron producindo na sociedade española. Destacarase o avance cara á democracia, onde se respectan os dereitos e liberdades de todas as persoas, e os estudantes deberán ser capaces de valorar todos estes cambios e as súas consecuencias en toda a sociedade.	15	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	COIDAMOS O NOSO CONTORNO NATURAL	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes.		
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual.		
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos.	PE	60
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades.		
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establecer conexións entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.	TI	40
CA3.4 - Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.	Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora.</li> <li>- Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- A relación entre os avances en matemáticas, ciencia, enxeñería e tecnoloxía para comprender a evolución da sociedade no ámbito científico-tecnolóxico.</li> <li>- Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación.</li> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos.</li> <li>- O futuro da Terra e do universo. Os fenómenos físicos relacionados coa Terra e o universo e a súa repercusión na vida diaria e na contorna. A exploración espacial e a observación do ceo; a contaminación lumínica; a concienciación polo coidado do medio.</li> <li>- A contorna que nos rodea. A diversidade xeográfica de España e de Europa. Representación gráfica, visual e cartográfica a través de medios e recursos analóxicos e dixitais usando as tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- O cambio climático. Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia, interdependencia e interrelación entre persoas, sociedades e medio natural.</li> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	CLIMAS E PAISAXES DA TERRA	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos guiados.	PE	60
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades.	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas.		
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.	Promover estilos de vida sustentable.		
CA2.4 - Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas.		
CA4.4 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora.</li> <li>- Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de resultados en formatos diversos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- O clima e o planeta. Introducción á dinámica atmosférica e ás grandes áreas climáticas do mundo. Os principais ecosistemas e as súas paisaxes.</li> <li>- O cambio climático. Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia, interdependencia e interrelación entre persoas, sociedades e medio natural.</li> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A ECONOMÍA E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos guiados.	PE	60
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades.	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas.		
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.	Promover estilos de vida sustentable.		
CA2.4 - Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas.		
CA4.4 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora.</li> <li>- Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Axenda Urbana. O desenvolvemento urbano sustentable. A cidade como espazo de convivencia.</li> <li>- Economía verde. A influencia dos mercados (de bens, financeiro e laboral) na vida da cidadanía. Os axentes económicos e os dereitos laborais desde unha perspectiva de xénero. O valor social dos impostos. Responsabilidade social e ambiental das empresas. P</li> <li>- Estilos de vida sustentable: a pegada ecolóxica.</li> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.</li> <li>- O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	ESPAÑA E A UNIÓN EUROPEA	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes.		
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual.		
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos.	PE	60
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades.		
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establecer conexións entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.	TI	40
CA3.4 - Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.	Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora.</li> <li>- Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Axenda Urbana. O desenvolvemento urbano sustentable. A cidade como espazo de convivencia.</li> <li>- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, particularmente as propias do pobo xitano. Recoñecemento da diversidade cultural e lingüística de España.</li> <li>- Os principios e valores dos dereitos humanos e da infancia, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución española, dereitos e deberes da cidadanía. A contribución do Estado e as súas institucións á paz, a seguridade integral e a cooperación interna</li> <li>- A organización política. Principais entidades políticas e administrativas da contorna local, autonómica e nacional en España. Sistemas de representación e de participación política.</li> <li>- España e a Unión Europea. Formas de goberno. Fórmulas para a participación da cidadanía na vida pública.</li> <li>- España e Europa. As principais institucións de España e da Unión Europea, dos seus valores e das súas funcións. Os ámbitos de acción das institucións europeas e a súa repercusión na contorna.</li> <li>- Cidadanía activa. Fundamentos e principios para a organización política e xestión do territorio en España. Participación social e cidadá.</li> <li>- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva.</li> <li>- O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	QUE HERDAMOS DO SÉCULO XIX?	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes.		
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual.		
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos.	PE	60
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades.		
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establecer conexións entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.	TI	40
CA3.4 - Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.	Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora.</li> <li>- Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- A relación entre os avances en matemáticas, ciencia, enxeñería e tecnoloxía para comprender a evolución da sociedade no ámbito científico-tecnolóxico.</li> <li>- Axenda Urbana. O desenvolvemento urbano sustentable. A cidade como espazo de convivencia.</li> <li>- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva.</li> <li>- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). As pegadas da historia na contorna.</li> <li>- Temas de relevancia na historia: Idade Contemporánea, transformacións económicas, políticas, sociais e culturais, o papel representado polos suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.</li> <li>- O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero.</li> <li>- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en España e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	O NOSO PASADO MÁIS RECENTE	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos guiados.		
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual.	PE	60

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades.	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas.		
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.	Promover estilos de vida sustentable.		
CA2.4 - Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas.		
CA4.4 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora.</li> <li>- Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- A relación entre os avances en matemáticas, ciencia, enxeñería e tecnoloxía para comprender a evolución da sociedade no ámbito científico-tecnolóxico.</li> <li>- Axenda Urbana. O desenvolvemento urbano sustentable. A cidade como espazo de convivencia.</li> <li>- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva.</li> <li>- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). As pegadas da historia na contorna.</li> </ul>

## Contidos

- Temas de relevancia na historia: Idade Contemporánea, transformacións económicas, políticas, sociais e culturais, o papel representado polos suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero.
- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en España e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Desde o punto de vista da metodoloxía, ponse o foco nos seguintes aspectos:

Educación integral orientada a formar persoas.

Desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social.

Proxecto conectado coa realidade que promove a aprendizaxe competencial. Para iso, cada unidade didáctica organízase arredor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto...) motivadora, real e próxima ao alumnado.

As unidades seguen unha ruta didáctica en catro fases:

- Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema.
- Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
- Aplicación do aprendido en tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.
- Consolidación, valoración do aprendido e personalización.

Aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas.

Avaliación formativa para avaliar todas as fases do proceso educativo, cunha gran diversidade de instrumentos, incluíndo a participación do propio estudante

Ensino dixital para desenvolver a competencia dixital do alumnado e tamén como ferramenta de ensino e aprendizaxe.

Enfoque multidisciplinario e, aínda que cada área ten sentido propio, propóñense un gran número de dinámicas interdisciplinarias que contribúen a unha aprendizaxe profunda e que permiten interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material do profesorado
Material de aula
Material do alumnado
Outros recursos

Material do profesorado:

Material aportado pola editorial:

Avaliación 360º. Introducción sobre o sistema de avaliación do proxecto, ademais de todos os elementos e probas con solucións e criterios de corrección.

Contén elementos para realizar:

- Avaliación de diagnóstico.
- Avaliación continua.
- Avaliación final de unidade.
- Avaliación trimestral.

Personalización da aprendizaxe. Neste volume inclúese unha introdución teórica e propostas de traballo sobre o libro do alumnado, ademais dos seguintes elementos:

- Propostas para a programación multinivel.
- Suxestións para a personalización do libro do alumnado.
- Fichas de reforzo da aprendizaxe.
- Tarefas de enriquecemento

Material de aula:

- Faíscas para transformar a aula. Ideas para construír e desenvolver elementos útiles e sinxelos que poden ter diferentes utilidades na aula.
- Murais con conceptos clave.
- Portátil do profesor conectado a PDI

Material do alumnado:

- Libro do alumnado.
- Diario de aprendizaxe.
- Caderno interactivo O esencial.
- LibroMedia.

Outros recursos dispoñibles no centro:

- Biblioteca do centro cos seus fondos e recursos
- Radio escolar
- Aula de informática
- Aula virtual.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral.
  - Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo.
  - Incorporaranse datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.
  - Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma axeitada, coidando o material e o espazo de uso.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse con conceptos fundamentais da creación audiovisual (guión, realización, montaxe e son).		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa na realización dun video grupal sobre un musical, unha zarzuela ou unha ópera.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico. Elabora documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece o cine de animación como un xénero cinematográfico e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Emprega materiais e recursos plásticos nas imaxes e composicións plásticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Aprecia diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo. Distingue e explica as características da cor en canto á súa luminosidade, tono e saturación, aplicandoas nas súas producións.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e amosa interese polo uso destas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, contraste...).		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Produce obras plásticas co ordenador, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para lograr unha finalidade determinada.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Coñece e valora algunha das profesións do ámbito artístico e audiovisual e interésase polas características do seu traballo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais</li> <li>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> </ul>

## Contidos

- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Características da linguaxe cinematográfica e audiovisual: encadramento, movementos, montaxe e son. Visionamento de propostas icónicas, cinematográficas e audiovisuais.
- Nocións elementais sobre estilos, xéneros e formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe, audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos básicos.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
3	Trazado	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Experimenta coa superposición de planos para crear volumes. Recoñece, clasifica e constrúe polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Coñece e comprende o termo da escala e é capaz de aplicalo.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo e valora a precisión dos resultados.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón...) Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando regra e compás.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nunha creación grupal baseada na utilización da liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Presenta os traballos con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Utiliza con respecto as TIC para coñecer expresións artísticas e culturais.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Utiliza as TIC como fonte de información e documentación para a creación de composicións propias do debuxo técnico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nunha creación grupal baseada no deseño de obxectos tridimensionais.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos traballos e das actividades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Profundización no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais.</li> <li>- Experimentación co debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía específica da área.</li> <li>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.</li> <li>- Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.</li> </ul>

## Contidos

- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Características da linguaxe cinematográfica e audiovisual: encadramento, movementos, montaxe e son. Visionamento de propostas icónicas, cinematográficas e audiovisuais.
- Nocións elementais sobre estilos, xéneros e formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe, audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos básicos.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Técnicas básicas de animación.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
4	Obra de Georgia O'Keeffe.	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico destas.	Coñece, lembra e describe, de forma oral e escrita e empregando un vocabulario axeitado, os datos máis relevantes da vida e obra de Georgia O'Keeffe.	TI	100
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Coñece e identifica as características fundamentais dos estilos Modernismo, Abstracto e Art Decó.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora a obra e os procesos creativos da autora.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as producións artísticas nas súas diferentes variedades.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Observa, analiza e reproduce plasticamente as obras fundamentais da autora. Reproduce trazos e temas (flores, paisaxes e ósos) baseándose na obra da artista.		
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa positivamente na realización de fotografías realizadas no horto e no xardín do centro para despois plasmar as fotografías en debuxos.		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa e comunica, con autonomía e iniciativa, emocións e vivencias a través das súas propias creacións.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Mantén limpos e coidados os materiais de pintura e modelado (ceras, pinceis, mesas...).		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas.	Experimenta de forma oral e escrita as propias ideas e emocións suxeridas pola observación da obra artística.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Experimenta coas gamas cromáticas e con diferentes materiais (carbón vexetal, lapis, acuarela...).		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Identifica, clasifica e localiza co ordenador os lugares máis importantes na vida da pintora (Novo México, Texas e Nova Iorque).		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na visita virtual ao Museo Thyssen para a observación e estudo das obras máis importantes.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Crea obras no ordenador con patróns baseados na Natureza imitando as obras de Georgia O'Keeffe.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Debuxa, completa e colorea co ordenador e a pantalla dixital paisaxes e obras da artista.		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Participa positivamente na realización dunha composición baseada na impresión das fotografías realizadas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta o papel da autora dentro do mundo artístico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.</li> <li>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.</li> <li>- Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> </ul>

## Contidos

- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Características da linguaxe cinematográfica e audiovisual: encadramento, movementos, montaxe e son. Visionamento de propostas icónicas, cinematográficas e audiovisuais.
- Nocións elementais sobre estilos, xéneros e formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe, audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos básicos.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

1. A metodoloxía empregada irá encamiñada a potenciar o desenvolvemento por igual dos aspectos cognitivos, afectivo e sensoriomotor dunha forma interdependente, nunca xerarquizada.
2. Programarase coidadosamente a listaxe de termos de técnicas ou materiais que o alumno necesita saber en inglés para enfrentarse á tarefa que vai realizar.
3. Explicarase a nova técnica, o novo contido, a nova forma de expresión, as estratexias necesarias para executar a tarefa con éxito.
4. Cerciorarémonos de que nos entenderon facendo preguntas, animando a que plantexen dúbidas, intentando que o fagan sempre en inglés (de todos os xeitos nunca se deterá a comunicación).
5. Execución da tarefa proposta.
6. A profesora axudará, dará ideas, suxerencias, animaráos a correr riscos para mellorar a técnica aprendida, para mellorar a competencia en Lingua Inglesa.
7. Exposición da mesma ao grupo clase ou ao colexio.
8. Expresión oral, ao resto dos compañeiros e á profesora, das dificultades con que se atoparon na execución.
9. Preguntas dos outros nenos. Expresión oral das opinións que lles merece a obra ou a dramatización presentada, sempre con respecto pero con honestidade.
10. Autoavaliación. As dificultades como medio de aprendizaxe.
11. En caso de ensino semipresencial ou telemático, utilizaranse recursos dixitais e en liña como correo electrónico, material audiovisual, videoconferencias e plataformas educativas da Xunta para confeccionar tarefas e comunicarse cos pais dos alumnos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc.
Altosfalantes
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Pinceis e témperas
Regra, escuadro, cartabón, semicírculo e compás
Imaxes das obras de Georgia O'Keeffe
Pasta de modelaxe

Temos unha propia aula de Arts and Crafts no noso centro educativo. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cun ordenador conectado á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías. O material empregado está dentro da aula, en diferentes mobles e estanterías perfectamente etiquetados. O material compártese entre todo o alumnado de 1º a 6º, o cal nos permite ter unha ampla variedade. O alumnado deberá coidar o material que use e encargarse da súa limpeza.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Preténdese saber os coñecementos previos do noso alumnado que nos indique o punto de partida. Empregaremos os seguintes instrumentos para levar a cabo a avaliación inicial:

1. Elaboración dunha composición propia tendo en conta a perspectiva.
2. Identificación do vocabulario básico aprendido.
3. Relación do autor coa súa obra respecto ás manifestacións artísticas máis importantes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	18	24	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

1. Incremento da súa capacidade expresivo-comunicativa constatable a través das súas manifestacións artísticas.....50%
2. Identificar o autor e a obra das manifestacións artísticas presentadas como punto de partida.....10%
3. Uso do vocabulario específico en lingua inglesa no día a día.....20%
4. Actitude positiva ante o traballo propio e o dos outros e vontade de superación.....20%

### Criterios de recuperación:

1. Repaso do vocabulario básico.
2. Reorganización dos hábitos de traballo.
3. Repetición das técnicas aprendidas e das instrucións para o uso das novas ferramentas.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo. No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas. No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións dos traballos realizados máis relevantes. Decorar os corredores trimestralmente	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, espazos comúns..	X	X	X
Colaboración na revista do Centro	Temos unha sección na Revista do Centro, na cal intentamos plasmar aquelas actividades máis significativas que se levaron a cabo ao longo do curso.			X

#### Observacións:

Relación das actividades complementarias e extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa área de Plástica, como a visita a museos, exposicións, obras musicais, teatros...

Participación en festividades como o Nadal, o Entroido, Halloween (Samaín), Día da paz...

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.

<b>Metodoloxía empregada</b>
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.
<b>Outros</b>
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.

#### **Descrición:**

Reflexión obxectiva sobre os resultados acadados e o desenvolvemento das actividades propostas coa intención de mellorar.

Observación constante do proceso de ensino-aprendizaxe.

Comunicación fluída entre os membros do equipo docente coa intención de coordinarse e compartir experiencias que optimicen a programación.

Escoita das opinións dos nenos coa finalidade de axustar os obxectivos da programación coa realidade das aulas.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Tralo remate de cada trimestre revisárase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

-Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

## **9. Outros apartados**

### **1. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**

Uso das Novas Tecnoloxías (proxector, vídeo, ordenador, programas de deseño, internet, etc)

Estar en contacto co Equipo de TICs do centro para dar e escoitar suxerencias á hora de comprar novos recursos.

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001471	CEIP Plurilingüe Praia Xardín	Boiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación en valores cívicos e éticos	6º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	31
4.2. Materiais e recursos didácticos	31
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	32
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	32
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	35
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	37

## 1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2023/2024, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A presente programación didáctica, elaborada para a área de Valores Éticos e Cívicos do 6º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

É unha materia de tremenda importancia para poder cumprir cos obxectivos do curriculum.

O noso proxecto propón un modelo de ensinanza-aprendizaxe comprensivo que se enmarca dentro do paradigma da educación universal (global ou integral) que ha de preparar a todos os cidadáns para ter éxito na vida, a través da adquisición e o desenvolvemento das competencias clave.

Foi elaborada en función das liñas pedagóxicas do centro. Deste xeito, para a súa elaboración, seleccionáronse os obxectivos e contidos; para unha adecuada consecución dos mesmos, planificáronse actividades concretas, que se sustentan nuns criterios metodolóxicos determinados.

Toda a programación está sometida a un proceso avaliador constante.

Tampouco se omitiu, dada a importancia social da mesma, a educación desde a diversidade e a atención ao alumnado con necesidades educativas específicas.

Propoñemos, polo tanto, unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

O CEIP PRAIA XARDÍN, está ubicado no casco urbán do Concello de Boiro. Ata estes últimos anos a maioría dos nenos procedían da zona rural (Coroño, Runs, Pazos, Brazos, Teaño, Moimenta, Goiáns, Sealo, Cures, Comoxo, A Figueira...); pero nestes intres (despois dun estudo realizado para actualizar o PE) proceden nunha mesma porcentaxe de zona rural e de zona urbana.

O nivel socioeconómico é medio-baixo. Os homes adícanse ó traballo no mar, agricultura e construción. As mulleres traballan en fábricas de conserva, no marisqueo de a pé e tamén nas tarefas do fogar que comparten nalgúns casos co traballo dos seus maridos na agricultura.

Algúns pais teñen estudos primarios e outros non remataron estes. O nivel sociocultural é baixo.

Moitos nenos están, despois de rematala xornada escolar cos avós, en garderías ou sós, xa que os pais/nais están traballando.

O colexio, que ten horario de xornada continua, de 9:30 a 14:30, dispón de comedor e servizo de transporte escolar.

Destacar que este ano o centro continua co proxecto de inmersión lingüística, sendo un centro plurilingüe, impartindo a área de Educación Plástica en Inglés, e polo que contamos con auxiliar de conversa.

Cóntase con unha biblioteca incluída en PLAMBE e con radio escolar.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no sexto curso da etapa, polo que están entre os once e doce anos de idade. Están a piques de entrar na fase das operacións abstractas (Piaget) e deixar atrás a fase das operacións concretas (Piaget). Todo isto, significa que xa poden razoar sen ter presente obxectos físicos. Tamén, comezan coa etapa do espazo euclidiano (as tres dimensións).

Número de alumnas e alumnos e distribución:

O nivel conta cun total de 34 alumnos e alumnas. 6ºA conta con 18 discentes (8 nenos e 10 nenas), mentras que 6ºB conta con 16 (7 nenos e 9 nenas).

Co remate deste curso, a área pretende contribuír esencialmente para acadar o perfil de saída establecido para o final desta etapa educativa na maioría do alumnado, xa que deberá cambiar de etapa no curso seguinte.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deliberar e argumentar sobre problemas de carácter ético referidos a si mesmo e á súa contorna, buscando e analizando información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a autonomía moral.	1-3			4	4-5	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, recoñecendo a súa importancia para a vida individual e colectiva e aplicándoos de maneira efectiva e argumentada en distintos contextos, para promover unha convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica.	5	3			3-4	1-2-3		1
OBX3 - Comprender as relacións sistémicas entre o individuo, a sociedade e a natureza, a través do coñecemento e da reflexión sobre os problemas ecosociais, para comprometerse activamente con valores e prácticas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas e do planeta.	2-5		1-5		2	3-4	1	
OBX4 - Desenvolver a autoestima e a empatía coa contorna, identificando, xestionando e expresando emocións e sentimentos propios, e recoñecendo e valorando os dos outros, para adoptar unha actitude fundada no coidado e no aprecio de si mesmo, dos demais e do resto da natureza.	1-5				1-2-3	2-3-4	3	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Quen son eu?	Nesta primeira unidade do curso, o alumnado vai xerar unha maior conciencia sobre a necesidade de coñecer e expresar a súa propia identidade persoal, así como de promover e xestionar a súa autoestima. Tamén vai coñecer o grao de influencia que posúe a forma na que se desenvolve na súa contorna para determinar as súas relacións sociais. Do mesmo xeito, reflexionará sobre as igualdades e as diferenzas existentes entre as persoas, así como a importancia de mostrar unha actitude respectuosa ante as calidades alleas. Para finalizar a unidade	5	3	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Quen son eu?	proponse a redacción dunha carta para contribuír a un mundo mellor que promova a saúde e o benestar.	5	3	X		
2	Como me sinto?	Nesta unidade, preténdese que o alumnado poida comprender as súas propias emocións e os sentimentos asociados, axudándolle a xestionalos e regulalos dunha maneira máis eficaz e óptima. Os estudantes van coñecer as claves da intelixencia emocional e a reflexionar sobre a influencia que esta exerce na creación da súa autoconcepción e no desenvolvemento das relacións sociais. De forma transversal transmitíranse valores como a empatía, o respecto, a amizade etc., a partir da reflexión de situacións próximas á súa realidade máis próxima. Para finalizar esta unidade proponse a elaboración cooperativa dun emociómetro, empregando diversidade de materiais plásticos e artísticos.	5	2	X		
3	Como debo actuar?	Nesta unidade, os alumnos e alumnas van desenvolver a súa capacidade crítica e a súa autonomía para tomar decisións, actuando segundo os seus valores éticos. É esencial que o noso alumnado aprenda a diferenciar o que está ben e mal e, á súa vez, asuma un compromiso por promover e defender determinados valores. Ao finalizar a unidade, propónselles un traballo de investigación para que se informen sobre o plan de acción dun proxecto solidario que defende algúns dereitos fundamentais.	5	2	X		
4	Que decisións tomo?	Esta unidade céntrase en que é vital que, desde idades temperás, os estudantes aprendan a tomar decisións de forma autónoma para promover a súa independencia e a seguridade en si mesmos. Propiciárase a súa reflexión en temas relacionados coa resolución de problemas incidindo na responsabilidade individual e a autonomía de pensamento. Os alumnos e alumnas van coñecer a influencia que posúe a toma de decisións para condicionar a súa vida e, á súa vez, directa ou indirectamente, a dos demais. Para finalizar a unidade, propónselles a colaboración nun proxecto solidario para que recaden fondos para a causa que defenden.	5	2	X		
5	Como me relaciono?	Ao longo desta unidade o alumnado vai reflexionar sobre os roles dos homes e as mulleres, así como sobre a diversidade de identidade que relacionará con situacións próximas á súa realidade. Do mesmo xeito,	5	2	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Como me relaciono?	aprenderá a identificar os sinais de posibles relacións abusivas e insáns. Para finalizar a unidade, propónse aos estudantes a creación dun cómic que conciencie sobre o valor de coidar o consumo da auga e solidarízese coas persoas en situación de vulnerabilidade.	5	2	X		
6	Son seguras as redes sociais?	A partir desta unidade, o alumnado vai analizar que as redes sociais son un dos medios de comunicación máis estendidos na nosa sociedade, xa que as utilizamos para múltiples fins; pero debe ser consciente dos perigos e os riscos asociados a un uso inadecuado e irresponsable das redes, aprendendo a navegar de forma segura. Ao finalizar a unidade, poñendo en práctica as aprendizaxes adquiridas, propónselles aos estudantes a redacción dunha carta reflexionando sobre o problema que padecen multitude de nenos e nenas con respecto á fenda dixital.	7	2	X		
7	Para que serven as normas?	Nesta primeira unidade do segundo trimestre, o alumnado vai familiarizarse con contidos vinculados coa democracia e a xustiza. Á súa vez, comprenderá a necesidade de seguir unha serie de normas preestablecidas que velan pola convivencia cidadá e coñecerá situacións nas que se producen desigualdades e inxustizas. De maneira significativa, relacionaranse os contidos traballados coas actitudes democráticas presentes na aula e propoñeranse cambios e melloras. Do mesmo xeito, como peche da unidade, o alumnado vai reflexionar e recoller diferentes medidas dirixidas a lograr unha convivencia pacífica no seu centro educativo.	7	2	X		
8	Que son os dereitos humanos?	Nesta unidade, o alumnado vai coñecer máis a fondo que son os dereitos humanos e, de forma particular, os que lle corresponden á infancia. Os estudantes serán conscientes da responsabilidade individual que posuímos as persoas para defendelos, respectalos e garantir a súa #gozar tanto a nivel persoal como social. Ao finalizar a unidade, propónselles a participación directa colaborando cunha asociación que promove unha campaña solidaria de recollida de alimentos. Determinarán a finalidade desta iniciativa e divulgarán e difundirán este proxecto para xerar conciencia entre as persoas da súa contorna próxima.	7	2		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica das actividades motrices		
CA2.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física.		
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade.		
CA2.5 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade.		
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.		
CA3.3 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade		
CA3.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano.		
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA4.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas		
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo.		
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.		
CA5.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero, e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA5.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade.		
CA5.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		
CA5.4 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade		
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física.		
CA6.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica das actividades motrices.		
CA6.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.		
CA6.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Impacto dos alimentos ultraprocesados e das bebidas pouco saudables.</li> <li>- Educación postural en accións motrices específicas.</li> <li>- Responsabilidade persoal no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- Efectos sociais beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Aproximación aos efectos dos hábitos non saudables e influencia na práctica de actividade física.</li> <li>- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.</li> <li>- Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Efectos psicolóxicos beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Consolidación e axuste realista do autoconcepto tendo en conta a perspectiva de xénero.</li> <li>- Respecto e aceptación do propio corpo e do aspecto corporal dos demais.</li> <li>- Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos.</li> <li>- Utilización adecuada e coidado do material, dos espazos e das instalacións na práctica da actividade física.</li> <li>- Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás.</li> <li>- Uso de ferramentas ou plataformas dixitais.</li> <li>- Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á</li> </ul>

## Contidos

- calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais.
- Toma de decisións:
- Selección de accións en función da contorna en situacións motrices individuais.
- Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas.
- Esquema corporal:
- Estruturación temporal e espazo-temporal e percepción de duracións, de velocidade, de intervalos, de estruturas e de ritmo.
- Dominio e control motor en situacións complexas e descoñecidas.
- Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade).
- Creatividade motriz: identificación de estímulos internos ou externos que esixan un reaxuste instantáneo da acción motriz.
- Xestión emocional: autoestima, ansiedade e situacións motrices. Estratexias de afrontamento e xestión.
- Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz.
- Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices.
- Concepto de fairplay ou *ixogo limpo*.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas.
- Normas de uso: a educación viaria desde a actividade física e deportiva.
- Transporte activo e sustentable: bicicletas, patíns, patinetes.
- Previsión de riscos de accidente durante a práctica no medio natural e urbano: valoración previa e actuación.
- Construción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos.
- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía é o xeito de ensinar, a forma de transmitir os contidos. Para escoller a metodoloxía teranse en conta aspectos como o alumnado, o contexto do centro, os criterios de avaliación, competencias clave e contidos a tratar, instalacións, número de alumnos/as, etc.

ESTILOS DE ENSINO A EMPREGAR:

+ Mando directo: estímulo - resposta. Empregarase nas sesións ou tarefas que requiran dunha execución ou un xesto específico. Neste nivel empregarase en escasas situacións. Explicación? Demostración? Execución? Avaliación.

+ Asignación de Tareas: a través da posta en práctica de circuitos ou conxuntos de tarefas nas que se da liberdade ao alumno/a para regular os parámetros da execución.

+ Ensino Recíproco: organizando en pequenos grupos, buscando a colaboración, e nos que os propios alumnos/as se poden corrixir entre eles, aprendendo uns dos outros.

+ Descubrimento guiado: orientando ao alumno/a través de diferentes tarefas (sen darlle solucións) ata que este consegue o obxectivo desexado. Disonancia Cognitiva? Investigación? Descubrimento.

+ Resolución de Problemas: igual que o anterior pero pode darse un maior número de respostas válidas para a solución do mesmo problema, tantas como se lle ocorran ós alumnos/as e sirvan para resolver a situación que se lles planean.

O XOGO COMO RECURSO METODOLÓXICO: O xogo estará presente en todas e cada unha das sesións, como mínimo na parte de animación e/ou de volta á calma. O xogo é unha actividade imprescindible para un axeitado e correcto desenvolvemento físico, psíquico e social. A través dos xogos darémoslle ás sesións un carácter máis lúdico, pracenteiro e motivador.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS A TER EN CONTA:

a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumno/a. Estadio evolutivo/experiencias previas.

b) Intensa actividade por parte de o alumno/a. Deberá estar motivado.

c) Intervención educativa. Boa relación profesor-alumno e alumno-alumno.

d) Interdisciplinariedade. Relación da Ed. Física coas demais áreas.

e) Intradisciplinariedade. Relación dos bloques de contidos nas actividades, tarefas e sesións.

f) Transversalidade. Importante para a inserción na vida social adulta.

g) Enfoque globalizador. Análise do contexto e como o neno/a se achega ao seu coñecemento.

h) Modificación de esquemas de coñecemento. Partir dos coñecementos do alumno/a para modificalos mediante a aprendizaxe de novos coñecementos.

i) Utilización de estilos de ensino mediante a busca.

j) Aprendizaxe receptiva. O alumno/a retén o aprendido para utilizalo cando é requirido.

k) Aprendizaxe significativa. Relacionar as novas aprendizaxes co que o neno/a xa sabe.

Ademais, o docente non debe esquecer as seguintes pautas de actuación:

- Preparará sempre a clase para evitar rutina e improvisación.
- Dará explicacións breves, claras e concretas.
- Creará un clima de atención.
- Cando se necesite, fará demostracións de exercicios.
- Utilizará vocabulario axeitado segundo o nivel dos alumnos/ás.
- Colocarase en lugares visibles durante as explicacións e demostracións.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
CLASIFICACIÓN MATERIAL E RECURSOS
A) Convencional pequeno tamaño: aros, cordas, picas, conos, pelotas,...
B) Convencional gran tamaño: porterías, canastras, bancos, colchonetas, pelotas grandes,...
C) Non convencional: globos, toallas, sacos, teas, panos,...
D) Non convencional refutable: xornais, botellas e bolsas de plástico, botes suavizante, vasos iogur,...
E) Informático e audiovisual: proxector, pizarra dixital, ordenador, altosfalantes, equipo de música,...
F) Instalacións: patio exterior, gimnasio, pavillón,...

No centro dispoñemos, para a práctica da educación física, de todo tipo de material variado que se vai repoñendo segundo as necesidades e o presuposto. En función da unidade didáctica e sesión a impartir, empregaranse uns materiais e recursos diferentes. Deben estar acordes ás actividades para realizar. O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: a idade, as capacidades, a contorna, entre outras. Tamén

teremos en conta para a impartición da área os recursos que nos ofrece a comunidade e o entorno (parques, ríos, praias, bosques, camiños, piscinas, pistas de tenis e outras instalacións) e que igualmente serán empregados cando así se considere.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Lagardera define a avaliación como un mecanismo de recollida de información que, unha vez valorada, serve para tomar determinadas decisións. A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica.

Polo tanto, a avaliación débenos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe.

Á avaliación terá carácter:

- Global. Avaliará capacidades: psicomotrices, cognitivo-lingüística, afectivas, de relación interpersonal e de actuación e inserción social, e por extensión a adquisición das compet. clave.
- Continuo. Recollerase a información de xeito permanente durante todo o proceso.
- Formativo. Orientada á mellora dos procesos e os resultados da intervención educativa, permitindo a adecuación á madureza, ritmo de aprendizaxe e rendemento.
- Integrador. Terá en conta o progreso en tódalas áreas.

Para garantir a súa efectividade, a avaliación será:

- Sistemática, co que se relacionará coas demais partes do proceso.
- Estará integrada no proceso educativo, xa que está é unha fase do propio proceso de ensino-aprendizaxe. Destacarase o seu carácter pedagóxico.
- Atenderá ás diferenzas individuais, personalizando na medida do posible.
- Utilizaranse distintos instrumentos de avaliación, adaptando o seu uso ao obxectivo a avaliar.

### AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE

Teremos en conta:

- Que avaliar. O grado de adquisición das competencias clave e dos obxectivos de etapa, utilizando como indicadores os criterios de avaliación.
  - Cando avaliar.
    - + Exploración inicial ou diagnóstica. Ao principio de cada unidade.
    - + Avaliación continua ou formativa. Subministrando ao neno/a información de tipo causa-efecto, detallando os motivos dos erros; prescritiva, dando información de como saír do erro; e motivadora, convencendo ao neno/a das súas posibilidades para construír novas aprendizaxes.
    - + Avaliación sumativa. Para comprobar o grao de consecución dos resultados a través dunha proba puntual.
- Tamén se poderá utilizar como avaliación inicial da fase seguinte.

- Como avaliar.
  - + Obxectiva. Utilizarase en ocasións puntuais, a través de instrumentos e procedementos cuantitativos. Apropriada para coñecer o progreso dun alumno/a en determinados aspectos e obter información acerca do proceso evolutivo en que se atopa respecto ao seu grupo de idade, cumprindo unha función diagnóstica ao permitir detectar posibles deficiencias ou lagoas.
  - + Subxectiva. Técnicas cualitativas baseadas no xuízo de valor do docente. Moi utilizada na educación física debido ás peculiaridades da área.

Os instrumentos de observación que se empregarán serán os seguintes:

- + Rexistro anecdótico. No que se recollerán comportamentos que parezan importantes para propósitos de avaliación.
- + Escala de valoración. Permitiranos situar ao alumno/a en relación co grao de desenvolvemento do comportamento ou da característica buscada. Tamén se prestará especial atención á avaliación criterial, na que o resultado obtido polo individuo se compara con outros resultados conseguidos por el mesmo, nas mesmas probas ou respecto a un criterio fixado de antemán. Desta forma valorarase o progreso realizado respecto da súa avaliación inicial.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	100
<b>Táboa de indicadores</b>	100

### Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación. Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. Faremos unha avaliación criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparárase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas. Ao ser unha programación didáctica para 3º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación. Rexistraremos o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:

- **ESCALAS DE VALORACIÓN:** cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.
- **REXISTRO ANECDÓTICO:** reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- **LISTAS DE CONTROL:** consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.
- **RÚBRICAS:** instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.

1- **AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:** Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

2- **AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:** Para avaliar cada trimestres teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres. A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1.

Relación das Unidades Didácticas desta programación.

- **1º TRIMESTRE (4 UD - 40%):** - UD. 1: 25% = equivalente a un 2,5 da nota 1º trimestre. - UD. 2: 25% = equivalente a un 2,5 da nota 1º trimestre. - UD. 3: 25% = equivalente a un 2,5 da nota 1º trimestre. - UD. 4: 25% = equivalente a un 2,5 da nota 1º trimestre. Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á 4)= 10
- **2º TRIMESTRE (3 UD - 30%):** - UD. 5: 33,33% = equivalente a un 3,33 da nota 2º trimestre. - UD. 6: 33,33% =



equivalente a un 3,33 da nota 2º trimestre. - UD. 7: 33,33% = equivalente a un 3,33 da nota 2º trimestre. Nota do 2º trimestre (suma das UD da 5 á 7)= 10

• 3º TRIMESTRE (3 UD - 30%): - UD. 8: 33,33% = equivalente a un 3,33 da nota 3º trimestre. - UD. 9: 33,33% = equivalente a un 3,33 da nota 3º trimestre. - UD. 10: 33,33% = equivalente a un 3,33 da nota 3º trimestre. . Nota do 3º trimestre (suma das UD da 8 á 10)= 10

3.- AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) : A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso. Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

- 1º TRIMESTRE (4 UD): 40% equivalente a un 4 da nota final
- 2º TRIMESTRE (3 UD): 30 % equivalente a un 3 da nota final
- 3º TRIMESTRE (3 UD): 30 % equivalente a un 3 da nota final
- ORDINARIA (suma das 10 UD): 100% equivalente a 10.

Os mínimos que se lles vai a esixir ao alumnado son: Participa activamente nas actividades propostas na aula / Coñece, respecta e aplica as regras e principios de acción propios dos xogos / Xoga con calquera compañeiro/a sen discriminación e valora o xogo limpo / Asiste coa roupa axeitada ás clases de EF (roupa deportiva, zapatillas deportivas e útiles de aseo; toalla, camiseta de recambio e xabón) / Entrega os traballos indicados no prazo correspondente.

### **Criterios de recuperación:**

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. As programacións deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais, polo tanto esixe asumir diferenzas dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

### **MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que lle permitirán aos docentes adaptar á diversidade do grupo. Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

### **ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo)**

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo



e a programación ás súas necesidades e posibilidades. Pódense contemplar distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algúñas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.

- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español. No caso do noso centro non presentan dificultades na área de educación física. - Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. No caso do noso centro non presentan dificultades na área de educación física.

- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia. Neste centro, na etapa de primaria existe algún caso diagnosticado de TDAH, pero que non precisan de axuda para seguir o ritmo das sesións.

SITUACIÓN ACTUAL DO GRUPO - AULAS DE 6º NIVEL DO 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Nos grupos aos que está dirixida esta programación non atopamos ningún alumno/a que polas súas características precise de ningunha atención específica máis alá das expostas nos parágrafos anteriores, polo que desenvolven as sesións de educación física sen dificultades específicas derivadas das súas necesidades.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X				X	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X				X	X		
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial								
ET.6 - Educación Ambiental		X						
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X
ET.5 - Educación Vial		X
ET.6 - Educación Ambiental	X	X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X

**Observacións:**

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiren os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns. Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo. Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado. Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante. Baseándonos na lei educativa actual e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados a continuación:

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Magosto	Saída ao entorno natural do centro, onde coa escusa de celebrar a conmemoración do magosto realizaremos unha xornada multideporte na natureza.	X		
Día da Paz	Realizarase unha xornada de xogos cooperativos.	X		
Xogos Tradicionais	Xornada de presentación e goce de diversos xogos tradicionais como: Rá, Chave, Aro, Trompo, Tabas, Zancos,...		X	
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizarase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha pequena ruta de sendeirismo.			X

### Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan. Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes. Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente. Dende a área de Educación Física colaboramos cos outros equipos de dinamización do centro na realización das diferntes actividades Complementarias e Extraescolares propias da vida escolar.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

As actividades Complementarias e Extraescolares que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se poderán levar a cabo, polo que serán adaptadas a cada centro docente.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinabilidade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Outros
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais ( comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

### Descrición:

- Durante o propio proceso de ensino, sendo o seu fin reorientalo cando o requira, por calquera motivo durante o transcurso da unidades didáctica.
  - Ao final das unidades didácticas, dende unha perspectiva que contemple globalmente como se foi desenvolvendo a mesma, que proporcione información sobre a práctica docente no seu conxunto e que permita coñecer que aspectos da unidade poden ser mellorados.
    - Trimestralmente, dende unha perspectiva global do trimestre para adoitir as medidas necesarias para a súa mellora se fose o caso.
    - Teremos en conta indicadores como o grao de adecuación dos obxectivos didácticos e selección de contidos, congruencia entre obxectivos didácticos e metodoloxía, presenza de estratexias pedagóxicas que respondan aos distintos intereses e ritmos de aprendizaxe, adecuación dos medios materias empregados, etc.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. Serán dous os procedementos principais de avaliación da programación.

O primeiro deles levado a cabo polo propio mestre a través da reflexión e autoanálise e a cumplimentación dunha escala de valoración na que se recollerá en que grao e medida se axustan os diversos elementos que compoñen a programación ás pretensións iniciais desta.

O segundo procedemento consiste en dar opinión ao propio alumnado que valorará a través dunha escala diferentes aspectos que se lle presentarán dunha forma sinxela para que sexan quen de aportar a súa opinión en forma de cualificación sobre o que se lle propón. Os diferentes datos obtidos serán analizados en conxunto para seguir mellorando e así poder dar forma axeitada a posteriores programacións que teñen o seu reflexo no desenvolvemento e posta en práctica diaria en cada unha das sesións e actividades e polo tanto na consecución final dos obxectivos de etapa e das competencias clave.

Cos datos obidos estableceranse as propostas de mellora que serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento vivo susceptible de ser modificado se as condicións o requiren para en todo momento, a ser posible, conteña as condicións necesarias para concluir con éxito o proceso de ensino e aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

## 9. Outros apartados